

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E DIFERENTES MEDIOS DE COMUNICACIÓN PARA O FOMENTO DA LECTURA DA PRENSA ESCRITA ENTRE O ALUMNADO DOS CENTROS DOCENTES DE GALICIA SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS NO ANO 2024.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades formalizou cos medios de comunicación: EPI Prensa SLU (Correo Gallego); La Capital S.L. (Diario de Arousa, Diario de Ferrol, Ideal Gallego); El Progreso de Lugo, S.L; Faro de Vigo, S.A; La Opinión de A Coruña, S.L; La Región, S.A.; La Voz De Galicia, S.A.; Lérez Ediciones, S.L. (Diario de Pontevedra) e Rías Baixas Comunicación, S.A.; o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2024.

Que os instrumentos convencionais teñen por obxecto colaborar na difusión de información cultural, educativa ou/e social entre o alumnado dos cursos de Educación Primaria, Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Educación Especial e/ou Formación Profesional dos centros docentes de Galicia sostidos con fondos públicos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que os convenios asinados fundamentanse no seguinte:

Primeiro.- A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades é conforme o Decreto 119/2022, de 23 de xunio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o departamento da Xunta de Galicia que ten por obxectivo garantir un sistema educativo de calidade, inclusivo, equitativo e orientado ao pleno desenvolvemento de todas as persoas, fomentando a colaboración e coordinación con outras entidades públicas e privadas para o desenvolvemento de plans e accións formativas na dimensión social da educación.

Segundo.- Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outros entes de dereito público ou privado para a consecución dun fin común, baixo o réxime xurídico establecido no capítulo VI da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



Terceiro.- As partes son conscientes de que un servizo educativo participativo e de calidade debe responder ás novas demandas sociais de modo eficaz, completando a oferta do ensino e fomentando as condicións de igualdade de oportunidades para a formación de toda a cidadanía. Nos tempos actuais a educación integral do alumnado demanda a colaboración de toda a comunidade educativa e outras institucións da sociedade para atender as aspiracións e necesidades do alumnado e familias, especialmente no que atinxe ao desenvolvemento de actividades extra curriculares.

Cuarto.- Que a finalidade do convenio é contribuír ao desenvolvemento dun programa educativo encamiñado a potenciar e promover a utilización da prensa escrita como un instrumento de formación complementaria do alumnado, a partir de iniciativas que posibiliten hábitos de lectura dende unha idade temperá e fomenten o desenvolvemento da súa conciencia crítica como cidadáns e o seu interese polos valores culturais do pobo galego. Deste xeito, as actividades que se leven a cabo en base a este convenio serán de carácter extra curricular e favorecerán a aprendizaxe na selección, análise e interpretación das noticias publicadas no seu xornal en formato papel, particularmente daquelas relacionadas coa educación, a igualdade de oportunidades e o uso da lingua galega no sistema educativo.

Quinto.- O fomento da lectura é un pilar fundamental que resulta preciso fomentar dende idades temperás co fin de promover que os nenos e nenas adquieran hábitos de lectura e culturais, asumindo a idea da cultura propia de Galicia como un dos principais aspectos da nosa sociedade. O fomento e promoción da lectura resulta un aspecto fundamental que resulta conveniente incluír entre o alumnado galego.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria xustificativa, en Santiago de Compostela na data da sinatura electrónica.

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

